

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*RESOLUCIÓN do 15 de novembro de 2018 pola que se dá publicidade á resolución de adaptación de prazo de xustificación de gastos e presentación de solicitude de cobramento establecidos nas bases reguladoras das axudas para a bonificación dos custos do financiamento dos investimentos das microempresas de Galicia, titulares de préstamos inferiores ou iguais a 25.000 euros, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe), as entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca (Diario Oficial de Galicia número 153, do 12 de agosto de 2016) e as bases reguladoras das axudas para a bonificación dos custos do financiamento das pequenas e medianas empresas de Galicia, titulares de préstamos superiores a 25.000 euros, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe), as entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca (Diario Oficial de Galicia número 154, do 17 de agosto de 2016).*

Mediante dúas resolucións do 2 de agosto de 2016 (DOG núm. 153, do 12 de agosto e DOG núm. 154, do 17 de agosto, respectivamente) publicáronse as bases reguladoras das axudas para a bonificación dos custos do financiamento dos investimentos das microempresas de Galicia, titulares de préstamos inferiores ou iguais a 25.000 € (Programa microcréditos) e as bases reguladoras das axudas para a bonificación dos custos de financiamento dos investimentos das pequenas e medianas empresas de Galicia, titulares de préstamos superiores a 25.000 € (Programa de apoio financeiro ás pemes), instrumentadas ambas as dúas mediante senllos convenios de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe), as entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca e convocadas polas citadas resolucións en réxime de concorrencia non competitiva.

As ditas bases establecen os seguintes prazos para cumprir por parte dos beneficiarios:

- Prazo de formalización (artigo 2.2 das bases): a partir do 1 de xaneiro de 2016 e antes da data final do prazo de presentación de solicitudes (31 de outubro de 2016, segundo o punto segundo das resolucións de convocatoria).
- Prazo de execución dos investimentos (artigo 4.5 das bases): entre o 1 de xaneiro de 2015, ata un ano desde a formalización do préstamo.



– Prazo máximo de xustificación e presentación de solicitude de cobramento (artigo 15.1 das bases): un mes desde a data de finalización do prazo de execución.

Polo tanto, da conxunción dos ditos prazos, resultaría como data máxima para executar os investimentos o 31 de outubro de 2017 e como data máxima para xustificar a realización do investimento e presentar a solicitude de cobramento o 30 de novembro de 2017, data xa vencida neste momento.

Tendo en conta que na data actual e debido a retrasos na tramitación, imputables unicamente ao funcionamento do Igape, estanse aínda resolvendo solicitudes de axuda presentadas en prazo polos interesados, as datas máximas de xustificación e presentación da solicitude de cobramento volvéronse nestes casos de imposible cumprimento, polo que procede establecer nas resolucións de concesión que se diten a partir deste anuncio uns prazos que os beneficiarios poidan cumprir.

Na súa virtude e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

**RESOLVO:**

Primeiro. Anunciar que nas resolucións de concesión que se diten a partir da publicación no DOG desta resolución na convocatoria de 2016 dos Programas do Igape microcréditos e apoio financeiro ás pemes, estableceranse como prazo máximo de xustificación e presentación de solicitude de cobramento o dun mes desde a data de notificación da resolución de concesión.

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2018

Juan Manuel Cividanes Roger  
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

